

## O 'Foco Esther F. Carrodegua' trae a Santiago de Compostela tres dos traballos máis recentes da dramaturga e actriz galega

A programación de Artes Escénicas de Compostela Cultura 2024 acollerá nos próximos meses os espectáculos *IRIBARNE*, *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada* e *Rapadas*

*IRIBARNE*, a revisión da figura de Fraga en clave de humor coproducida por ButacaZero co Centro Dramático Nacional (CDN) e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, chegará ao Auditorio de Galicia o 20 de xaneiro

As entradas para as tres pezas do 'Foco Esther F. Carrodegua' están xa á venda tanto na web [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) como na Zona C Punto de Información Cultural



Galicia, 5 de decembro do 2023. A programación de Artes Escénicas de Compostela Cultura do primeiro semestre do 2024 incluírá un 'Foco Esther F. Carrodegua' con tres dos máis recentes traballos que a dramaturga e actriz galega desenvolveu coa compañía **ButacaZero**. Trátase das pezas *IRIBARNE*, *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada* e *Rapadas* que se van representar os días 20 de xaneiro, 24 e 25 de maio, respectivamente.

De feito, *IRIBARNE* vai ser o espectáculo responsable de inaugurar a programación de Artes Escénicas de Compostela Cultura o **20 de xaneiro no Auditorio de Galicia**. Esta revisión da figura de Fraga en clave de humor é unha coprodución de ButacaZero co Centro Dramático Nacional (CDN) e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. *IRIBARNE* é o sétimo proxecto do tándem creativo formado por Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira, ambos os

dous fundadores da compañía ButacaZero, e segue o ronsel das súas anteriores propostas escénicas, fundamentadas na investigación e na reflexión para dialogar co presente dende unha ollada crítica e irónica. Conta cun texto de Carrodegua, coa dirección de Xavier Castiñeira e cun elenco conformado Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos e a propia Carrodegua.

A seguinte cita do foco vai ser o espectáculo unipersonal ***O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*** o 24 de maio no Teatro Principal. Cunha sinceridade crúa e o seu clásico humor irónico, Carrodegas aborda neste texto de auto[non]ficción a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho da nosa sociedade obsesionada coa fermosura.

O ciclo pecharase coa representación de ***Rapadas*** o 25 de maio na Igrexa da Universidade. Esta obra nace da necesidade de compartir co público a documentación recadada por Carrodegas sobre as mulleres rapadas na posguerra civil, no seu intento por escribir unha obra de teatro. A partir destes feitos, a autora investiga arredor do concepto histórico de “rapada”: de Xoana de Arcos ás *Femmes tondues* (colaboracionistas), de Britney Spears a Jada Pinkett, de blogueiras descoñecidas a modelos internacionais.

Neste camiño, Carrodegas chega ata as mulleres que no 2022 se rapan a si mesmas en Ucraína tentando non resultar atractivas a posibles violadores durante a invasión. O elenco de *Rapadas* está integrado por Esther F. Carrodegas, Juanma Lodo e Sabela Domínguez.

Alén dos espectáculos, grazas ás actividades #posfunción e #conversando, o público vai ter a oportunidade de dialogar con Carrodegas e o resto do equipo dos espectáculos e coñecer o proceso de traballo que posibilita a realización das obras. Así, o venres 19 de xaneiro, ás 19 horas, está previsto un #conversando co equipo de *Iribarne* no Auditorio de Galicia, e ao remate da función d’*O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, o 24 de maio no Teatro Principal, está programada unha #posfunción.

## **SOBRE ESTHER F. CARRODEGUAS**

**Esther F. Carrodegas** é actriz, directora, *performer* e, sobre todo, escritora. Rianxeira de pura raza, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre as lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben da súa faceta periodística. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados ben na súa propia plataforma profesional (ButacaZero) ben noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) ou públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional). Precisamente no 2021 foi escollida para desenvolver unha das residencias dramáticas que outorga o CDN, onde escribiu o texto *Supernormales*, co que foi finalista nos Premios MAX 2023 na categoría de Mellor Autoría e que foi, sen dúbida ningunha, un dos grandes éxitos da pasada tempada tanto para o público como para a crítica.

## **CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO**

The Office Comunicación  
Luisa Castiñeira - 620 113 155  
Bea Pérez - 604 070 409  
prensa@theofficeco.es

**MÁIS INFO:** <https://butacazero.com>

## INFO PRÁCTICA

### **IRIBARNE**

Auditorio de Galicia | Sábado 20 xaneiro | 19.00 h | 12 euros

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/iribarne>

#conversando o venres 19 de xaneiro ás 19 h

### ***O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada***

Teatro Principal | Venres 24 maio | 20.30 h | 12 euros

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/o-%C3%BAnico-que-verdadeiramente-quixen-toda-vida-%C3%A9-ser-delgada>

#posfunción ao rematar a obra

### ***Rapadas***

Igrexa da Universidade | Sábado 25 maio | 20.30 h | 12 euros

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/rapadas>

**FOTO:** Retrato de Esther F. Carrodegua por Ramón Vaquero

As entradas poden mercarse tamén na Zona C Punto de Información Cultural (de martes a sábado, de 11 a 14 horas e de 16 a 19 h). Ademais, poderán adquirirse tamén o día de cada espectáculo na sala en que este se desenvolva, dende unha hora antes do seu inicio.

Desconto do 50 % para os colectivos habituais: persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.